

Expedientes	2022063321
Asunto	Solicitud de reiteración de resposta a cuestións relativas ao Plan Concellos Liña 3.
Trámite	Resolución de inadmisión

O Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, en virtude das competencias delegadas pola Presidencia en materia de transparencia, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**

Con data 11 de outubro de 2022 recibíase a través de SIR unha nova solicitude de *****
co seguinte alcance *"Me dirijo a usted para que me responsa a lo expuesto en el escrito del 11/07/22 con número de registro: 2022-E-RC-3866. Solicito respuesta a dicho escrito."*

En relación con esta nova petición, resulta obrigado referirse de novo aos antecedentes que obran nesta Administración, con resolucións e contestacións expresas en relación a cuestións idénticas ou similares formuladas pola mesma persoa solicitante, a última resolta o pasado 8 de setembro de 2022, ás que nos remitimos.

Entrando, novamente, no ámbito obxectivo da petición debemos indicar que analizada a petición referida, esta foi trasladada ao Concello de Baiona ao observar a Unidade Responsable de Transparencia desta Deputación que a documentación solicitada foi elaborada na súa integridade polo Concello de Baiona.

Deste xeito, con data 8 de setembro de 2022, segundo o previsto no artigo 19.4 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTBG), déuselle traslado ao Concello de Baiona da solicitude de *****
, con ***** , para que decida sobre o acceso á documentación solicitada. Esta previsión ten por obxecto preservar a súa capacidade de decisión sobre o acceso á información solicitada para que proceda a resolver sobre o acceso solicitado [CTBG 87/2016, do 7 de xuño].

Por todo o exposto, a proposta da Unidade Responsable de Transparencia da Deputación de Pontevedra e en atención ao disposto na Resolución Presidencial nº 2019014186, de 1 de agosto do 2019, de delegación das atribucións da Presidencia, modificada por Resolución Presidencial número 2020003407, de 27 de maio de 2020,

RESOLVO

PRIMEIRO.- INADMITIR a solicitude de acceso a información pública, segundo o previsto no artigo 18.1. e) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e no artigo 88.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en atención á incompatibilidade da solicitude coa finalidade da normativa de transparencia, o seu carácter repetitivo e abusivo e carecer esta de fundamento.

SEGUNDO.- Ordenar a publicación da presente resolución na sección de Transparencia accesible no portal web institucional www.depo.gal, unha vez anonimizados os datos de carácter persoal da persoa solicitante.

En Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica.

Fronte a esta resolución, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Consello de Transparencia e Bo Goberno de Galicia, con carácter potestativo e previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa, de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

NOTIFÍQUESE A ***** .*****